

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 14 de outubro de 2010

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas do día de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1.650).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.
Ratificación da urxencia por todos os asistentes.

2(1.651).- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO DAS OBRAS DE EXECUCIÓN 1ª FASE DO PROXECTO DE CONSTRUCIÓN DO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA. EXPTE. 5813/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 8.10.2010, co conforme do concelleiro delegado da área, co informe do titular da Asesoría Xurídica do 7.10.2010, e co informe da técnico de Fiscalización do 13.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 5813-307 para a contratación das obras da 1ª fase da construción do Centro Galego de Fotografía.

2º.- Aproba-lo gasto de 978.878,00 €. euros para a execución das obras de construción da 1ª fase de construción do Centro Galego de Fotografía, que se imputarán á partida 3360.6220000 ADQUISICIÓN E REHABILITACIÓN DO EDIFICIO CHAO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA, dos orzamentos vixentes.

3º Aproba-lo expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras por procedemento aberto e trámite de urxencia con múltiples criterios de adxudicación de data 27/09/2010.

3(1.652).- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO E TRÁMITE DE URXENCIA DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN DUN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO EN CANDEAN. EXPTE. 9776/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo e coordinador xeral da Tenencia da Alcaldía, do 8.10.2010, co conforme do concelleiro delegado de Deportes, co informe do titular da Asesoría Xurídica do 7.10.2010, e co informe da técnico de Fiscalización do 13.10.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente 9776-333 para a contratación das obras de construción dun pavillón polideportivo en Candean.

2º.- Aprobar o gasto de 2.374.999,99 euros (base 2.012.711,86 € e 362.288,13 € de IVE) para a execución das OBRAS DE CONSTRUCIÓN DUN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO EN

CANDEÁN, que se imputarán á partida 3410.622.00.00 do vixente orzamento da concellaría de Deportes.

3º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de prescricións administrativas particulares para a contratación das obras por procedemento aberto con múltiples criterios de adjudicación de data 21-09-2010.

4º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios de licitación no Diario Oficial de Galicia, Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e Perfil do contratante do concello de Vigo.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e catorce minutos. Como secretaria dou fé.

am/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.